



UNHA LEXISLATURA PARA AVANZAR CONTRA A POBREZA, A EXCLUSIÓN SOCIAL E A DESIGUALDADE EN GALICIA

PARLAMENTO DE GALICIA
XII LEXISLATURA (2024-2028)

#PobrezaGalicia



UNHA LEXISLATURA PARA AVANZAR CONTRA A POBREZA, A EXCLUSIÓN SOCIAL E A DESIGUALDADE EN GALICIA

A pobreza, a exclusión social e a desigualdade en Galicia conforman problemas profundos e complexos, que requiren dunha abordaxe multidimensional. Nas últimas décadas as taxas de pobreza mantivéronse altas e constantes, situación que se agrava en contextos de crise, como os que estamos a vivir nos últimos anos, e na actualidade, e que mostran aínda máis deficiencias e vulnerabilidades do modelo social.

As encadeadas crises nas que se viron inmersas os galegos e galegas, comezando coa crise económica do 2008, a pandemia do COVID-19 e as posteriores consecuencias da guerra de Ucraína, cunha crise enerxética e inflacionista, impactaron de forma directa nas persoas en situación de pobreza.


Porén, **temos a constancia de que cando hai vontade política a pobreza pódese reducir.** Nesta ocasión houbo un acordo de respostar de xeito diferente a como se fixo na crise de 2008 co nefasto modelo de austeridade. Tanto a nivel estatal co chamado Escudo Social (ERTE, Ingreso Mínimo Vital, etc.) acompañadas de medidas tanto da Xunta de Galicia como a Tarxeta Básica ou o mantemento da RISGA, como de concellos e organizacións do Terceiro Sector Social. Todo isto tivo como resultado que as cifras de pobreza e exclusión social en Galicia experimentaran unha melloría no 2022.

Lamentablemente malia a este aprendizaxe e xa pasada a pandemia, vemos que ese impulso e compromiso político non se mantivo dabondo para evitar un empeoramento das taxas de pobreza e da maioría de indicadores que conforman a Carencia Material Severa.

Os últimos datos que proporciona a **Enquisa de Condicións de Vida do INE** ¹ mostran un preocupante aumento da taxa de risco de pobreza e exclusión social (AROPE) en Galicia. De acordo coas cifras recollidas, o **25,5% da poboación de Galicia estaba en risco de pobreza e/ou exclusión social no 2023**, a porcentaxe máis alta dos últimos 10 anos . Un punto inferior á media nacional (26,5%) e 1,9 puntos por enriba dos datos rexistrados a nivel autonómico no ano 2022 (23,6%). Dito doutro xeito, **688.900 galegos e galegas atópase en risco de pobreza e/ou exclusión social, 52.300 persoas máis que no ano anterior.**

¹ Enquisa de Condicións de Vida, 2023. Instituto Nacional de Estatística (INE): <https://www.ine.es/dyngs/Prensa/ECV2023.htm>

Indicador AROPE (Ax. 2030)



Fonte: Elaboración propia a partir de microdatos ECV.

Asemade, os datos reafirman a preocupación que mostramos o ano anterior ante o aumento da taxa de **Privación Material e Social Severa**, que alcanzou o e que segue en **aumento no 2023, situándose nun 8,2%** fronte ao 6,3% en 2022. Unha taxa que xa recolle o impacto da inflación e do aumento dos costes asociados á vivenda en **persoas de clase media/baixa** aínda que por riba do limiar de pobreza.

Compromiso e coordinación na Xunta, concellos e deputacións

Esta crise social e a extrema fragilidade coa que máis da cuarta parte da poboación galega ten que afrontar os efectos negativos da inflación, o aumento dos prezos da enerxía e o impacto da emerxencia do acceso á vivenda está a constatar a necesidade de aplicar na lexislatura que comeza no 2024, **reclamacións históricas das organizacións e redes do Terceiro Sector de Acción Social galego**: dende afrontar de inmediato o grave problema de exclusión residencial e acceso á vivenda ou mesmo a un emprego digno, ata asegurar aspectos como o dereito á garantía de ingresos, a valorización dos cuidados ou a abordaxe da exclusión territorial.

Asemade, tal e como se demostrou coa inxente labor desempeñada polas entidades durante a pandemia e ante a emerxencia social posterior, cómpre culminar co recoñecemento do Terceiro Sector Social.

É urxente reforzar as medidas incluídas no Escudo Social por parte do goberno estatal, Xunta de Galicia e concellos. Para elo, é necesario adoptar medidas áxiles para a satisfacción de necesidades básicas (co referente exitoso da **Tarxeta Básica**), promulgar unha Lei de Garantía de Ingresos de Galicia que contribúa de maneira decidida á redución da pobreza severa, actualizando e reforzando a Lei de Inclusión Social; e asegurando un sistema accesible e axeitado, cunha adecuada **complementariedade entre RISGA e Ingreso Mínimo Vital (IMV)**.

Dende EAPN Galicia consideramos que temos unha oportunidade única de aproveitar as ferramentas, instrumentos e os fondos europeos para introducir cambios profundos que melloren o nivel de benestar e calidade de vida da cidadanía.

No marco dunha campaña electoral marcada polo grave problema de exclusión residencial e acceso á vivenda ou mesmo a un emprego digno e, ante o impacto da inflación, a subida dos prezos da enerxía e os bens de primeira necesidade, as organizacións que formamos EAPN Galicia lanzamos a campaña '**Avanzar contra a pobreza, a exclusión social e a desigualdade en Galicia ante as Eleccións ao Parlamento de Galicia 2024**'. Baixo o cancelo **#Pobreza18F**, presentamos un documento que recolle **4 principios, 10 prioridades e 15 metas para implantar na vindeira lexislatura**.

Incidimos en que as forzas políticas que compoñen o Parlamento galego para a lexislatura 2024-2028 deben traballar conxuntamente para **non dar marcha atrás en dereitos e políticas sociais, na Xunta de Galicia e nos concellos e deputacións nos que gobernan e sempre en colaboración coas organizacións da sociedade civil**, cumprindo cos compromisos adquiridos na loita contra a pobreza e a exclusión social.

A emerxencia do acceso á vivenda

É evidente tanto o impacto da elevada inflación e a suba dos prezos da enerxía e bens de primeira necesidade, como especialmente as **enormes dificultades de acceso a unha vivenda digna, axeitada e accesible**. Non só nas persoas en pobreza severa ou relativa, senón tamén nas de clase media e media baixa.

Seguimos a constatar o incumprimento de dereitos fundamentais recoñecidos na Declaración Universal de Dereitos Humanos ou na nosa Constitución, cun especial agravamento no dereito ao acceso a unha vivenda digna e accesible.

Lamentablemente, temos que reiterar o que dixemos na pasada lexislatura: a nosa frustración e ata impotencia por **non estarmos sendo capaces de transmitir coa gravidade que merece a situación de emerxencia residencial na que viven milleiros de familias galegas**.

Todos os indicadores certifican a **emerxencia residencial** e as dificultades de acceso á unha vivenda digna, axeitada e accesible: no 2023 **augmentaron de novo os fogares con retrasos no pago de gastos da súa vivenda principal ata o 7,5%**.

Ademais, o aumento de prezos de enerxía pola guerra de Ucraína, a elevada inflación e o incremento dos costes de acceso e mantemento da vivenda, **provoca o incremento das persoas que non poden permitirse manter a vivenda cunha temperatura adecuada**, cifra que leva anos en continuo incremento, e que **no 2023 se situou no 21,5%**.²

² Datos de persoas en Privación Material e Social Severa da ECV do INE:
<https://www.ine.es/jaxiT3/Datos.htm?t=9972>

O berro **"A vivenda é o primeiro!"**, que todos os días se escoita nas nosas organizacións membro, segue sen ser escoitado coa importancia que merece na Xunta de Galicia, en moitos concellos e mesmo na FEGAMP.

Hai pequenos avances. Os programas electorais das **principais forzas políticas coinciden na necesidade de levar a cabo medidas de acceso a unha vivenda digna e accesible**. A pesares de que as propostas para garantir o acceso á vivenda non son tan ambiciosas como debería, hai coincidencias en medidas como a ampliación do parque público de vivenda, o fomento do acceso á vivenda co alugueiro social, a prevención de desafiuzamentos ou a mobilización da vivenda baleira.

As persoas non son culpables da súa pobreza

As eleccións de 2024 ao Parlamento de Galicia celebráronse no medio dun aumento dos **prexuízos, estereotipos, intolerancia e ata desprezo e aporofobia** ás persoas en pobreza ou exclusión. O Parlamento de Galicia **aprobou por unanimidade** o 17 de outubro de 2020, Día Internacional para a Erradicación da Pobreza, unha Declaración Institucional³ que dende as 152 organizacións integradas na Rede Europea contra a Pobreza e a Exclusión Social (EAPN Galicia) cremos que debe ser de obrigada defensa e cumprimento nas administracións públicas galegas.

"As persoas non son culpables da súa pobreza. Non o son as nenas e nenos nin as súas nais e pais. Tampouco o son da súa exclusión as persoas con discapacidade, migrantes, refuxiadas ou da comunidade xitana, as mozas e mozos tuteladas ou as privadas de liberdade.

Ningún é culpable do seu sufrimento. Non o son as mulleres vítimas de violencia de xénero. Nin calquera persoa pola súa orientación ou identidade sexual.

Ningunha persoa é inútil. Sexa moza, desempregada, xubilada ou sen fogar. Teña a idade que teña, e teña as capacidades que teña.

Os poderes públicos temos a responsabilidade de garantir a igualdade de todos os cidadáns, poñendo en marcha as medidas necesarias para reducir as desigualdades sociais, combater a discriminación e favorecer o respecto, a tolerancia e a participación activa de todas as persoas."

Cumprir a normativa vixente para asegurar a loita contra a pobreza, a exclusión social e a desigualdade

Dende as entidades do Terceiro Sector de Acción Social galegas esiximos que se garantan os dereitos sociais de todas as persoas e a redución drástica da pobreza, a exclusión social e a desigualdade en Galicia. E facémolo reclamando que se cumpra a normativa vixente. Todas as

³ <https://www.parlamentodegalicia.gal/Actualidade/3146/declaracion-institucional-do-parlamento-de-galicia-con-motivo-do-dia-internacional-para-a-erradicacion-da-pobreza-2020/>

propostas, medidas e metas que propomos neste documento para a nova lexislatura teñen o respaldo da normativa e estratexias que deberían ser de obrigado cumprimento.

A **[Axenda 2030 para o Desenvolvemento Sustentable](#)**, asumida pola Xunta de Galicia sinala a erradicación da pobreza en todas as súas formas e dimensións, como o maior *desafío* ao que se enfronta o mundo nas presentes décadas⁴.

En materia de vivenda son aínda insuficientes as propostas aprobadas e anunciadas. Non obstante, a entrada en vigor o 26 de maio a nivel estatal da nova **[Lei polo Dereito á Vivenda](#)**⁵, sumado ao **[Pacto de Vivenda de Galicia 2021-2025](#)**⁶ e mais o **[Plan Estatal de Vivenda 2022-2025](#)**⁷ supoñen unha grande oportunidade para mellorar o acceso e a calidade residencial das persoas en situación de pobreza e exclusión.

É urxente pór en marcha medidas contra o chabolismo e a infravivenda, tal e como estableceu a **[Resolución do Parlamento Europeo na que se insta á Comisión a pór en marcha un Plan de Acción Europeo para a erradicación de asentamentos chabolistas de poboación xitana](#)**. Sen esquecer a necesidade de mellorar a accesibilidade en vivendas, edificios públicos e a eliminación de barreiras segundo establece a Lei 10/2014 de accesibilidade de Galicia.

No marco galego, a **[Axenda Social Única de Galicia 2021-2024](#)**⁸ recolle 93 medidas para reforzar a coordinación interadministrativa e co Terceiro Sector Social.

Recentemente, foi aprobada tamén a **[Estratexia de Inclusión Social de Galicia 2023-2030](#)** que, aliñada co ambicioso **[Plan Estratéxico de Galicia 2022-2030](#)**,⁹ é unha folla de ruta das políticas de inclusión social, vivenda ou emprego.

A **[Lei de Impulso Demográfico de Galicia](#)**¹⁰ establece medidas para avanzar na mellora das condicións de vida e o benestar no territorio galego. É inadmisíbel que cando se celebren as eleccións do 18F o seu artigo 40 leve **dous anos incumpríndose e non se teña elaborado o Plan de apoio ás familias monoparentais**, a metade das cales segue na pobreza.

No relativo á garantía da igualdade de oportunidades entre homes e mulleres e a loita contra a violencia de xénero, Galicia dispón dalgunhas leis como a **[Lei 11/2007, do 27 de xullo para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero](#)**.¹¹

⁴ <https://www.mdsocialesa2030.gob.es/agenda2030/documentos/plan-accion-implementacion-a2030.pdf>

⁵ <https://www.boe.es/buscar/act.php?id=BOE-A-2023-12203>

⁶ Pacto de vivenda de Galicia 2021-2025: <https://igvs.xunta.gal/pacto-de-vivenda>

⁷ Plan estatal de acceso á vivenda 2022-2025: https://www.mitma.gob.es/el-ministerio/campanas-de-publicidad-acciones-de-comunicacion-y-otros-eventos_new/acciones-de-comunicacion-2022/peav-2022-2025

⁸ Axenda Social Única de Galicia 2021-2024: <https://politicassocial.xunta.gal/gl/recursos/plans-e-programas/axenda-social-unica-de-galicia-2021-2024>

⁹ Plan Estratéxico de Galicia 2022-2030: <https://www.planestratexico2030.gal/es/>

¹⁰ Lei de Impulso Demográfico de Galicia:

https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2021/20210209/AnuncioC3B0-040221-4_es.html

¹¹ Lei 11/2007, do 27 de xullo para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero:

<https://www.boe.es/buscar/pdf/2007/BOE-A-2007-16611-consolidado.pdf>

CONSENSOS ENTRE PP, BNG, PSDEG-PSOE NO COMEZO DA LEXISLATURA

As 152 organizacións que forman parte de EAPN Galicia elaboraron o documento '[Demandas prioritarias para avanzar contra a Pobreza, a Exclusión Social e a Desigualdade](#)'¹², trasladado a todas as candidaturas ao Parlamento de Galicia para atender dende a Xunta de Galicia as 10 grandes demandas, concretadas en 84 medidas e 15 metas.

Agora máis que nunca é imprescindible que todas as forzas políticas do Parlamento **traballen conxuntamente para cumprir cos compromisos adquiridos na loita contra a pobreza e a exclusión social**, non só dende a propia cámara; senón tamén en colaboración con concellos, deputacións e coas organizacións da sociedade civil. Reiteramos os cinco principios que resumen a nosa incidencia política:

- ❖ Garantir o respecto á dignidade das persoas en pobreza ou exclusión social, fomentando a súa participación, asegurando que as súas voces sexan escoitadas e difundindo mensaxes positivas de logros; e realizar actuacións de formación e implicación da cidadanía na **loita efectiva contra a culpabilización, aporofobia, mágoa, compaixón** e calquera tipo de prexuízo ou discurso do odio, segundo o aprobado polo Parlamento de Galicia.¹³
- ❖ Todos os departamentos das administracións están ao servizo da cidadanía, tamén e en especial da mais vulnerable. **A loita contra a pobreza e a exclusión social é unha obriga de todos os departamentos** da Xunta de Galicia, concellos e deputacións, **nunca so dos de Política Social ou Servizos sociais**.
- ❖ **Asegurar tres requisitos:** actuacións contra as **causas** asegurando a igualdade de dereitos e unha inclusión social activa moi lonxe do asistencialismo. **Compromiso** en orzamentos e planificación a medio e longo prazo que aseguren unha **rede pública sólida de servizos especializados**, e **máxima simplificación burocrática** que evite a culpabilización das persoas.
- ❖ Fomentar a máxima **coordinación interadministrativa e corresponsabilidade política e técnica** na loita contra a pobreza e a exclusión entre a Xunta de Galicia, as entidades locais, Deputacións Provinciais e FEGAMP e coas entidades do Terceiro Sector, promovendo a prestación conxunta de servizos, impulsando especialmente o establecido na Axenda Social Única de Galicia.

¹²<https://eapn-galicia.com/wp-content/uploads/2024/01/Propostas-EAPN-Galicia-Eleccions-ao-Parlamento-de-Galicia-2024-V3.pdf>

¹³<https://www.parlamentodegalicia.gal/Actualidade/3146/declaracion-institucional-do-parlamento-de-galicia-con-motivo-do-dia-internacional-para-a-erradicacion-da-pobreza-2020/>

- ❖ Reforzar, recoñecer, impulsar e dotar dun financiamento estrutural axeitado e a longo prazo das necesidades das entidades do **Terceiro Sector de Acción Social de Galicia** que traballan con poboación en situación de vulnerabilidade, asegurando **o seu papel garante do Sistema de Servizos Sociais** e que operen en igualdade de condicións con outros axentes económicos, fomentando o Diálogo Civil.

A necesidade dunha aposta clara polas persoas require dun traballo conxunto por parte das forzas políticas do Parlamento galego en todas as administracións donde gobernan (Xunta, concellos, deputacións e mesmo a FEGAMP). Nesta liña, trala análise dos programas electorais das principais forzas políticas que acadaron representación nos comicios celebrados o 18F (PP, BNG e PSdeG-PSOE) ¹⁴, **constátase un elevado nivel de coincidencia parcial ou completa** nas propostas formuladas dende EAPN Galicia nos seguintes eidos:

Vivenda digna:

- **Ampliar o parque público de vivenda, concretando**, en coordinación cos Concellos e a FEGAMP, o número e lugar dos solares e vivendas que se facilitarán e cando.
- Promover o **acceso da vivenda privada ao réxime de alugueiro social**, garantindo sempre a máxima protección para as persoas propietarias mediante o financiamento de obras de rehabilitación, seguros multirrisco e acompañamento.
- Impulsar o novo **Plan de Atención ás Persoas sen Fogar** xunto a concellos e organizacións de acción social. Co compromiso de redución do 50% no 2028 que establece a *Estrategia Nacional para la Lucha contra el Sinhogarismo*. Impulsando metodoloxías de prevención, acompañamento, Housing First e Housing Led.
- Crear un **parque básico de vivenda de emerxencia con dúas vivendas de transición por cada 10.000 habitantes**, habilitando unha rede de vivendas con apoio como recursos dende as cales, e nun prazo mínimo, as persoas ou familias en situación de emerxencia, en especial naquelas con nenos, nenas ou persoas dependentes, poidan pasar a un espazo estable e seguro.
- Reforzar as políticas e orzamentos de axudas económicas á mocidade para a súa emancipación. Simplificando a súa solicitude e xestión.

Garantía de ingresos e acompañamento nos procesos de inclusión social:

- Establecer un **protocolo de vulnerabilidade severa** que permita atender ás necesidades vitais máis urxentes de maneira inmediata mediante unha **Tarxeta Económica Básica de Emerxencia**, destinada á adquisición de bens de primeira necesidade mentres se tramitan e aproban prestacións e servizos máis estables.

¹⁴ Tentouse tamén facer unha análise do programa electoral de Democracia Ourensana, pero non se atopou.

- Promulgar unha **nova Lei de Garantía de Ingresos de Galicia** que actualice e reforce a Lei de Inclusión Social, simplificándoa burocraticamente e cunha axeitada complementariedade entre RISGA e Ingreso Mínimo Vital (IMV).
- Ampliar a **cobertura a colectivos non atendidos** ou de especial vulnerabilidade (senfogarismo, persoas en situación irregular...) garantindo unha tramitación simplificada e urxente con prazos moi reducidos.
- Asegurar apoio e acompañamento na tramitación estable para a poboación que o precise, se é necesario, a través de organizacións do Terceiro Sector - garantindo o seu recoñecemento normativo e orzamentario.

Infancia e mocidade:

- Elaboración da **Lei Galega da Infancia**.
- Garantir a través de **Plans operativos específicos de Garantía Infantil** que Galicia destine un mínimo do 5% dos recursos do FSE+ 2021-2027 á redución da pobreza infantil.
- Despregamento da **Rede Galega de Atención Temperá** ao 100% da poboación galega.
- Posta en marcha do **Plan de Choque contra o fracaso escolar**, centrado no alumnado en risco de pobreza ou exclusión.
- Profesionalizar e implantar a figura do **Coordinador de Benestar e Protección** nos servizos educativos.
- Garantir **recursos específicos para a infancia e mocidade** con enfermidades mentais.
- Fortalecer os **programas de apoio á autonomía persoal** e emancipación da mocidade que abandona o sistema de protección e xustiza xuvenil.
- Implementar políticas que garantan o **acceso universal ao lecer e tempo libre** socioeducativo, especialmente da infancia e adolescencia máis vulnerable.

Loita contra a pobreza e inclusión residencial, social e laboral das persoas vulnerabilizadas:

- Implantación de **programas de promoción da saúde** cun enfoque dende os determinantes sociais e o **pleno acceso á cobertura sanitaria universal**.
- Por en marcha **programas de promoción da saúde mental e prevención do suicidio** dende o Sistema Público de Saúde, en colaboración co Terceiro Sector.

- Elaborar un programa específico de medidas contra a **soidade non desexada** (a nivel xeral - non so enfocado nas persoas maiores).

Accesibilidade:

- Incrementar recursos e servizos de **promoción da autonomía persoal e atención á dependencia** - fronte á institucionalización non desexada.
- Asegurar **liñas de axuda específicas** a colectivos vulnerabilizados para a mellora da accesibilidade en vivendas e edificios.
- Garantir a **accesibilidade universal** na Administración Electrónica.

Emprego digno e inclusión sociolaboral:

- Reformular convocatorias e ferramentas de **inclusión sociolaboral para asegurar procesos integrais que traballen as vertentes persoal, social, formativa e laboral** nos procesos con persoas en situación ou risco de exclusión social.
- Ampliar os **programas de inclusión sociolaboral** para que cheguen a persoas en situación ou risco de exclusión social.
- Proporcionar financiamento estable e **maior apoio e competencias ás entidades do Terceiro Sector**.
- **Deseñar actuacións específicas para mozos e mozas** que abandonan o sistema educativo ou dificultades para manterse nel.
- Incluír nos plans de igualdade criterios relacionados co edadismo.

Medio Rural:

- **Asegurar a satisfacción das necesidades sanitarias, sociais e sociosanitarias**, garantindo a atención dende os servizos sociais e sanitarios especializados, particularmente de pediatría.
- Implantar **servizos sociocomunitarios de proximidade** entre a Administración autonómica e as Locais, en especial para garantir a atención terapéutica das persoas do rural.
- Mellorar a rede de transporte público.
- Garantir **30 minutos máximos de desprazamento** a calquera servizo básico.

- **Asegurar a atención bancaria** para garantir o servizo de retirada de efectivo e atención persoal ás persoas do rural.
- Fomentar na **contratación pública o emprego local digno** coa creación de cooperativas e empresas da economía social e o consumo dos recursos do territorio.
- Transición no modelo de atención ás persoas maiores, apostando pola **promoción da súa vida independente e mantemento na súa contorna** familiar e comunitaria.
- Asegurar o aumento da intensidade dos servizos **de asistencia persoal, axuda no fogar** e prevención da **institucionalización non desexada**.

Violencia Machista:

- **Proporcionar recursos, apoio e formación** especializada en igualdade e violencia de xénero e fomentar a inclusión social, laboral e socioresidencial para vítimas de prostitución e trata.
- **Garantir información e recursos sociosanitarios, psicolóxicos, económicos e xudiciais** ás vítimas de violencia machista e violencia sexual, reforzando as áreas rurais.
- Proporcionar **Recursos habitacionais** na mesma zona de residencia que fomenten a autonomía de mulleres sen fogar, en infravivenda ou exclusión severa, con especial atención no caso de problemáticas de adicción, vítimas de violencia machista ou mulleres en prostitución.
- Establecer un **plan de apoio para persoas coidadoras de persoas dependentes**, proporcionando recursos públicos que garantan o apoio económico, psicolóxico e profesional e programas de respiro familiar, dando prioridade ás familias vulnerabilizadas.
- Desenvolver **programas de educación en igualdade, educación afectivo-sexual e prevención do consumo de pornografía** ao persoal docente, familia e alumnado e implantar protocolos de prevención e atención á violencia de xénero e sexual nos centros educativos.
- Dotar de **recursos habitacionais protocolizados** e áxiles cando non hai prazas nas casas de acollida para evitar cambiar de zona de residencia.
- Abrir no 2024 **centros de crise de atención integral 24 horas contra a violencia sexual**.
- Descentralizar os **recursos de atención á muller (CIM)** para dar mellor accesibilidade ás mulleres do rural.

Burocracia:

- **Asegurar a coordinación política e técnica** entre as os diferentes niveis das administracións implicadas, promovendo a subsidiariedade, a prestación conxunta de servizos sociais para mellorar a súa calidade (...) e o establecemento de estratexias comúns.
- Elaboración dun **Plan autonómico de redución burocrática** e simplificación de trámites e procedementos en toda a administración, reforzando á **Dirección Xeral de Simplificación Administrativa**.
- Establecer un **mecanismo de publicidade e rendición de contas** de carácter público e accesible, mediante criterios "open data".
- Desenvolver un **Plan de mellora e aprendizaxe continuo en Servizos Sociais e de Emprego** (autonómico e municipal) coa inclusión dun protocolo de avaliación da calidade de atención e enquisas de satisfacción de usuarios.
- Asegurar o cumprimento dos tempos establecidos legalmente para a **valoración da discapacidade e da dependencia**, promovendo a súa descentralización para que chegue a todo o territorio.

Terceiro Sector:

- Impulsar a **Lei do terceiro sector social de Galicia e diálogo civil**.

En menor medida, pero tamén hai **posibilidades de acordo en medidas como:**

Vivenda digna:

- Asegurar ou destinar un 30% dos fondos de rehabilitación, accesibilidade ou eficiencia enerxética a vivendas e barrios con poboación vulnerabilizada.

Accesibilidade:

- Por en marcha un **Plan Urxente de Accesibilidade Universal** que garanta a liberdade de movementos das persoas con calquera tipo de discapacidade ou dependencia.

Emprego digno e inclusión sociolaboral:

Fomentar unha **maior coordinación entre os servizos sociais e de emprego**, a nivel local, autonómico e estatal.

Medio Rural:

- **Defensa dos servizos públicos de educación no medio rural.** Con medidas como a dotación de estabilidade dos equipos docentes nos centros educativos e o cambio dos horarios escolares para que respondan ás necesidades educativas.
- Favorecer a **renovación da vivenda rural e a súa mobilización**, creando bolsas de alugueiro.

Burocracia:

- Reforzar medidas de loita **contra a fenda dixital en persoas e ONG.** Considerando como unha necesidade básica o acceso ás novas tecnoloxías e internet das persoas ou familias en situación de vulnerabilidade, así como o fomento da alfabetización e competencias dixitais.
- Estudar a implantación da figura de persoa responsable ou xestora de caso para asegurar unha única profesional responsable na administración pública para calquera servizo que precise unha persoa en vulnerabilidade.

Terceiro Sector:

- Plan de **fortalecemento do Terceiro Sector Social.**
- **Garantir a axilidade e transparencia no financiamento:** convocatorias ou convenios plurianuais, coa publicación e resolución dos mesmos no primeiro trimestre do ano, difusión da relación de proxectos subvencionados, apoio dos espazos que favorezan a prestación de servizos, traballo en rede e uso de recursos compartidos.
- **Reforzar a participación das entidades do Terceiro Sector** no deseño, avaliación e desenvolvemento das políticas en materia de inclusión social.

DEMANDAS EAPN GALICIA CONTRA A POBREZA E A EXCLUSIÓN SOCIAL E COINCIDENCIA COS PROGRAMAS ELECTORAIS DE PP, BNG E PSDG-PSOE.

NIVEL DE COINCIDENCIA:		ALTA		PARCIAL
DEMANDAS EAPN GALICIA		PP	BNG	PSdG-PSOE
1. A Vivenda digna e accesible é o primeiro.				
Creación da Consellería de Vivenda que visibilice e afronte de xeito integral a emerxencia residencial en Galicia. E asegure a coordinación con concellos e departamentos de Servizos sociais autonómicos e locais.				
Aplicación inmediata da Lei de Vivenda facilitando aos concellos a súa implantación.				
Definir unha Estratexia de erradicación do chabolismo e a infravivenda en Galicia no 2030 seguindo o mandato do Parlamento Europeo con solucións que combinen medidas de realoxamento, acompañamento e apoio social ás familias durante todo o proceso. Liderada pola Consellería de Vivenda/IGVS en colaboración coa Consellería de Política Social.				
Triplicar o parque público de vivenda social ata chegar ás 11.400 vivendas no 2028 (ás 3.800 que xa hai súmanse 7.600) e ás 22.800 no 2030. Concretando, en coordinación cos Concellos, o número e lugar dos solares e vivendas que se facilitarán e cando.				
Promover o acceso da vivenda privada ao réxime de alugueiro social , garantindo sempre a máxima protección para as persoas propietarias mediante o financiamento de obras de rehabilitación, seguros multirrisco e acompañamento.				
Impulsar o novo Plan de Atención ás Persoas sen Fogar xunto a concellos e organizacións de acción social. Co compromiso de redución do 50% no 2028 que establece a <i>Estrategia Nacional para la Lucha contra el Sinhogarismo</i> . Impulsando metodoloxías de prevención, acompañamento, Housing First e Housing Led.				
Crear un parque básico de vivenda de emerxencia con dúas vivendas de transición por cada 10.000 habitantes , habilitando unha rede de vivendas con apoio como recursos dende as cales, e nun prazo mínimo, as persoas ou familias en situación de emerxencia, en especial naquelas con nenos, nenas ou persoas dependentes, poidan pasar a un espazo estable e seguro.				

<p>Crear unha liña de orzamento e un procedemento de prevención do desafiuzamento que asegure o mantemento da vivenda ante a posibilidade de perda da mesma e sen agardar a que se produzan impagos ou mesmo a execución.</p>			
<p>Fomentar o acceso ao mercado inmobiliario das vivendas baleiras, aumentando a súa fiscalidade e reducíndoa no caso de que se alugue a persoas con necesidade ou se destine a arrendamento con fin social, coa inscrición inmediata de ditas vivendas no Censo de Vivendas Baleiras da Xunta de Galicia.</p>			
<p>Asegurar o financiamento ás entidades do Terceiro Sector Social con experiencia en inclusión socioresidencial de poboación vulnerabilizada nos procesos de intermediación inmobiliaria, enfoque e mediación veciñal e comunitaria.</p>			
<p>Desenvolver o modelo de entidades sociais sen ánimo de lucro provedoras de vivenda accesible a través da fiscalidade (bonificación do ITP/AJD), o financiamento e a normativa.</p>			
<p>Reforzar as políticas e orzamentos de axudas económicas á mocidade para a súa emancipación. Simplificando a súa solicitude e xestión.</p>			
<p>Asegurar a creación dunha oficina de proximidade, axente rehabilitador ou servizo de vivenda en cada concello maior de 20.000 habitantes que asesore e facilite á cidadanía vulnerabilizada o acceso a medidas e orzamentos europeos, estatais e autonómicos de acceso á vivenda, rehabilitación, accesibilidade ou eficiencia enerxética</p>			
<p>Asegurar ou destinar un 30% dos fondos de rehabilitación, accesibilidade ou eficiencia enerxética a vivendas e barrios con poboación vulnerabilizada.</p>			
<p>2. Asegurar o dereito á garantía de ingresos e ao acompañamento nos procesos de inclusión social (non a obriga).</p>			
<p>Establecer un protocolo de vulnerabilidade severa que permita atender ás necesidades vitais máis urxentes de maneira inmediata mediante unha Tarxeta Económica Básica de Emerxencia, que permita a adquisición de bens de primeira necesidade (alimentación, hixiene, farmacia e transporte público), mentres se tramitan e aproban prestacións e servizos máis estables. Asegurando a implicación orzamentaria dos concellos e o acceso á Historia Social Única e ao sistema de servizos sociais e de emprego.</p>			

<p>Promulgar unha nova Lei de Garantía de Ingresos de Galicia que actualice e reforce a Lei de Inclusión Social, simplificándoa burocraticamente e cunha axeitada complementariedade entre RISGA e Ingreso Mínimo Vital (IMV).</p>			
<p>Ampliar a cobertura a colectivos non atendidos ou de especial vulnerabilidade (senfogarismo, persoas en situación irregular...) garantindo unha tramitación simplificada e urxente con prazos moi reducidos.</p>			
<p>Reformular e simplificar as Axudas de Inclusión Social (AIS). Tramitación áxil no prazo dunha semana cunha comprobación posterior dos requisitos.</p>			
<p>Asegurar o dereito e non a obriga de acceso a procesos integrais de inclusión social e/ou laboral, de xeito prioritario a aquelas familias con nenos, nenas ou persoas con dependencia.</p>			
<p>Asegurar un servizo de apoio e acompañamento na tramitación estable e profesionalizado para a cidadanía que o precise establecendo, cando sexa preciso, convenios de colaboración coas entidades sociais que xa veñen realizando este labor, garantindo así a atención personalizada e de calidade e recoñecendo o papel das organizacións do Terceiro Sector de Acción Social normativa e orzamentariamente.</p>			
<p>Asegurar contías suficientes para a superación do limiar da pobreza relativa (60% da mediana de ingresos) e garantir así que as rendas mínimas cumpran a súa función principal.</p>			
<p>Aumentar de xeito xeral o complemento de alugueiro da RISGA do 10% ao 25% do IPREM, e do 15% ao 40% IPREM nas familias con nenos, nenas e/ou persoas en situación de dependencia.</p>			
<p>Impulsar campañas de comunicación sobre as prestacións económicas dispoñibles para paliar situacións de pobreza, que contribúan a diminuír a taxa de Non-Take Up e facilitar a información clara e sinxela para toda a cidadanía. Estas campañas incorporarán o enfoque de dereitos para non perpetuar mensaxes asistencialistas, culpabilizadores e estigmatizantes.</p>			

3. Loita efectiva contra a pobreza e a exclusión en familias con nenos, nenas e adolescentes (NNA).			
Elaborar a Lei Galega da Infancia , mellorando o marco normativo sobre protección da infancia e que garanta os dereitos de nenos, nenas e adolescentes na nosa comunidade.			
Garantir a través de plans operativos específicos de Garantía Infantil que Galicia destine un mínimo do 5% dos recursos do FSE+ 2021-2027 á redución da pobreza infantil.			
Despregar a Rede Galega de Atención Temperá ao 100% da poboación galega . Elaborando un plan de calidade que facilite un despregamento ordenado e con medios suficientes de todos os servizos da Rede.			
Establecer un Plan de choque contra o fracaso escolar , poñendo en marcha medidas de orientación, reforzo educativo e programación inclusiva adaptada ás necesidades do alumnado en risco de pobreza ou exclusión para asegurar que rematan, polo menos, a educación secundaria obrigatoria e cunha atención especial á fenda dixital.			
Profesionalizar a figura do Coordinador de Benestar e Protección nos centros educativos de maneira que se garanta o perfil, a formación e a dispoñibilidade apropiada para o desempeño das súas funcións de forma allea ao profesorado, debendo ser reconsiderada no novo modelo de atención á saúde mental infantil e xuvenil.			
Implantar no 2024 un plan urxente de atención especializada a familias monoparentais (o 80% encabezadas por unha muller e o 47,4% na pobreza) e elaborar o Rexistro e o Plan de apoio a estas familias ao que obriga a Lei de Impulso Demográfico de Galicia (Art.40) e que leva dous anos de retraso.			
Garantir a dotación de recursos específicos para infancia e mocidade con enfermidades mentais incrementando o número de especialistas en pediatría, asegurando o desenvolvemento da especialidade de psiquiatría infantil e xuvenil, e estendendo ata os 21 anos a idade de atención.			

<p>Fortalecer os programas de apoio á autonomía persoal e emancipación para mozos e mozas que abandonen o sistema de protección e xuvenil con programas personalizados de acompañamento á vida adulta.</p>			
<p>Considerar as actividades de lecer e tempo libre socioeducativo como esenciais que suman á escola, implementando políticas que garantan o acceso universal ao lecer e tempo libre socioeducativo, especialmente da infancia e adolescencia máis vulnerable.</p>			
<p>Facilitar opcións de comedor fóra do período escolar para familias en situación ou risco de pobreza e exclusión social.</p>			
<p>4. Establecer medidas específicas de loita contra a pobreza e pola inclusión residencial, social e laboral das persoas vulnerabilizadas.</p>			
<p>Implantar programas de promoción da saúde desde un enfoque de determinantes sociais, que contribúan ao coñecemento e educación en saúde e promovan o empoderamento das persoas para acadar o pleno acceso e cobertura sanitaria universal adaptada ás necesidades e particularidades de cada persoa que vive en Galicia, sen ningún tipo de discriminación.</p>			
<p>Realizar programas de promoción e atención á saúde mental e prevención do suicidio dende o Sistema Público de Saúde en coordinación con entidades do Terceiro Sector Social, priorizando aos colectivos máis afectados: infancia, xuventude e persoas en exclusión social.</p>			
<p>Elaborar programa específico e medidas contra a soidade non desexada (non só das persoas maiores) que favoreza o acompañamento e a convivencia interxeracional. Favorecendo o voluntariado e a participación social.</p>			
<p>5. Priorizar nos orzamentos de obra pública o investimento en accesibilidade universal.</p>			
<p>Establecer un Plan urxente de Accesibilidade Universal que asegure a liberdade de movementos das persoas con calquera tipo de discapacidade ou dependencia, nas súas vivendas e na súa contorna, de acordo coa Lei 10/2014 de accesibilidade.</p>			

<p>Crear un 'Fondo Público de Promoción da Accesibilidade Universal' nutrido co 1,5% dos Orzamentos que se dediquen a infraestruturas, axenda urbana, mobilidade e transportes en cada Administración (autonómica e local), así como a transformación dixital e telecomunicacións, a financiar iniciativas, programas e proxectos de accesibilidade universal, de modo semellante ao 1,5% cultural.</p>			
<p>Incrementar recursos e servizos de promoción da autonomía persoal e atención á dependencia, en detrimento da institucionalización residencial, potenciando a vida independente cos apoios necesarios.</p>			
<p>Asegurar liñas de axuda específicas a colectivos vulnerabilizados para a mellora da accesibilidade en vivendas e edificios.</p>			
<p>Garantir a accesibilidade universal na Administración Electrónica para que todas as persoas poidan relacionarse coa Administración por vías ou medios dixitais, con garantías de asistencia e prestación de apoios que precisen as persoas con discapacidade, maiores e/ou con menos habilidades sociais.</p>			
<p>6. A mellor política social non é o emprego. Fomento do emprego digno e inclusivo para as persoas que poden traballar.</p>			
<p>Reformular convocatorias e ferramentas de inclusión sociolaboral para asegurar procesos integrais que traballen as vertentes persoal, social, formativa e laboral nos procesos con persoas en situación ou risco de exclusión social. Fomentando equipos interdisciplinarios, e itinerarios continuados, flexibles e adaptados ao que precisa cada persoa participante. Valoración dos resultados cualitativos -como formación realizada e mellora da empregabilidade-, e non unicamente os cuantitativos -insercións acadadas-.</p>			
<p>A mellor política social non é o emprego: cómpre abordar o resto das dimensións da pobreza e a exclusión -vivenda, saúde, educación, etc.-. Isto require dunha boa coordinación política e técnica entre as Consellerías de Promoción de Emprego e Igualdade e de Política Social.</p>			
<p>Fomentar unha maior coordinación entre os servizos sociais e de emprego, a nivel local, autonómico e estatal, asumindo a responsabilidade compartida para a inserción sociolaboral de persoas en situación ou risco de exclusión social.</p>			

<p>Ampliar os programas de inclusión sociolaboral para que cheguen a persoas en situación ou risco de exclusión social que actualmente apenas teñen acceso: persoas en situación administrativa irregular, traballadoras empobrecidas, persoas racializadas, vítimas prostitución, afectadas pola fenda dixital, etc.</p>			
<p>Elaborar convocatorias específicas plurianuais para inclusión sociolaboral de persoas vulnerabilizadas dende organizacións sen ánimo de lucro: Posta a Punto para o Emprego e Programas Integrados de Emprego (PIE) para persoas vulnerabilizadas.</p>			
<p>Proporcionar financiamento estable e maior apoio e competencias ás entidades do Terceiro Sector como colaboradoras estables dos sistemas públicos de emprego e garantes da inclusión sociolaboral das persoas vulnerabilizadas.</p>			
<p>Deseñar actuacións específicas para mozos e mozas que abandonan o sistema educativo ou con dificultades para manterse no mesmo, ou de familias en situación de pobreza severa. Avanzar na xeración de escolas de segunda oportunidade.</p>			
<p>Incluír nos plans de igualdade criterios relacionados co edadismo (evitar discriminación por fenda dixital, axuste da produtividade á idade, etc.).</p>			
<p>7. Manter servizos básicos contra o despoboamento, a exclusión territorial e a pobreza no rural.</p>			
<p>Defender os servizos públicos de educación no medio rural, cunha asignación optimizada de recursos educativos e que valorice os signos identitarios do rural. Así como dotar de estabilidade os equipos docentes nos centros educativos (garantindo a permanencia en ciclos de tres anos e de xeito escalonado) e mudando os horarios escolares para que respondan ás necesidades educativas e non ós intereses do transporte.</p>			
<p>Favorecer a renovación da vivenda rural e a súa mobilización, creando bolsas de alugueiro. Acondicionamento e posta a disposición da poboación da vivenda en mans das administracións estatal ou autonómica como é o caso da educación.</p>			

<p>Asegurar a satisfacción das necesidades sanitarias, sociais e sociosanitarias que garantan a atención dende os servizos sociais e sanitarios de atención primaria e especializados e o cumprimento da lexislación sanitaria na dotación de profesionais sanitarios no nivel primario de saúde, en especial da pediatría. Contando coas propostas, actuación e colaboración efectiva das entidades do Terceiro Sector Social.</p>			
<p>Implantar servizos sociosanitarios de proximidade entre a Administración Autonómica e as Locais, que garantan a atención terapéutica e social especializada e continuada ás persoas residentes no rural e en todo o territorio galego. Asegurar o acceso e correcto funcionamento do servizo de transporte periódico para asistencia a centros sanitarios ou servizos sociais.</p>			
<p>Mellorar a rede de transporte público aumentando a frecuencia e garantir que o transporte público se adapte ás necesidades vitais da cidadanía, ampliando os horarios das liñas e facilitando un transporte accesible para todas as persoas.</p>			
<p>Garantir 30 minutos máximo de desprazamento a calquera servizo básico: sanitario, social ou educativo.</p>			
<p>Asegurar a atención bancaria para garantir o servizo de retirada de efectivo e atención persoal para as persoas do medio rural.</p>			
<p>Fomentar na contratación pública o emprego local digno, por conta propia ou allea ou coa creación de cooperativas e empresas da economía social e a utilización dos recursos do territorio: residencias, servizo axuda no fogar, comedores escolares, etc.</p>			
<p>Transición cara un modelo de atención ás persoas maiores, dependentes e con discapacidade que aposte pola promoción da súa vida independente e mantemento na súa contorna familiar e comunitaria.</p>			
<p>Asegurar o aumento da intensidade dos servizos de asistencia persoal, axuda no fogar e a mellora da formación das técnicas que lles permita desenvolver a súa práctica profesional de maneira digna, eficiente e con calidade; establecendo medidas para a prevención da institucionalización non desexada e implantando equipos e servizos sociosanitarios de proximidade.</p>			

8. Reforzar medidas de atención e protección das mulleres vítimas de violencia machista.			
Proporcionar recursos, apoio e formación especializada en igualdade e violencia de xénero e fomentar a inclusión social, laboral e socioresidencial para vítimas de prostitución e trata.			
Garantir información e recursos sociosanitarios, psicolóxicos, económicos e xudiciais ás vítimas de violencia machista e violencia sexual, reforzando as áreas rurais.			
Proporcionar Recursos habitacionais na mesma zona de residencia que fomenten a autonomía de mulleres sen fogar, en infravivenda ou exclusión severa, con especial atención no caso de problemáticas de adicción, vítimas de violencia machista ou mulleres en prostitución.			
Establecer un plan de apoio para persoas coidadoras de persoas dependentes , proporcionando recursos públicos que garantan o apoio económico, psicolóxico e profesional e programas de respiro familiar, dando prioridade ás familias vulnerabilizadas.			
Desenvolver programas de educación en igualdade, educación afectivo-sexual e prevención do consumo de pornografía ao persoal docente, familia e alumnado e implantar protocolos de prevención e atención á violencia de xénero e sexual nos centros educativos.			
Realización de campañas de sensibilización orientadas a desalentar a demanda de comercio sexual e a condena social dos demandantes de prostitución como instigadores de violencia machista extrema. En especial na Radio e Televisión de Galicia.			
Abrir no 2024 centros de crise de atención integral 24 horas contra a violencia sexual nas sete cidades galegas, ampliando o establecido na <i>Ley Orgánica 10/2022, de 6 de setembro, de garantía integral de la libertad sexual</i> .			
Dotar de recursos habitacionais protocolizados e áxiles cando non hai prazas nas casas de acollida para evitar cambiar de zona de residencia.			
Descentralizar os recursos de atención á muller (CIM) para dar mellor accesibilidade ás mulleres do rural.			

9. Redución drástica da burocratización extrema e discrecionalidade.

<p>Asegurar a coordinación política e técnica entre Xunta de Galicia, Deputacións, Concellos e ONG implicadas, promovendo a subsidiariedade, a prestación conxunta de servizos sociais para mellorar a calidade, a rendibilidade social dos servizos e a redución de custes de estrutura, fomentando o diálogo civil con xuntanzas periódicas políticas e técnicas de intercambio de información e establecemento de estratexias comúns.</p>			
<p>Elaboración dun plan autonómico de redución burocrática e simplificación de trámites e procedementos en toda a administración, facendo especial fincapé na accesibilidade, linguaxe simplificada e claridade dos trámites destinados á persoas vulnerabilizadas, e reforzando á Dirección Xeral de Simplificación Administrativa.</p>			
<p>Establecer un mecanismo de publicidade e rendición de contas de carácter público e accesible. Publicar mediante criterios "open data", detalle da execución orzamentaria do exercicio anterior ao máximo nivel de detalle (Xunta, deputación e concellos). Cumprir a Lei 19/2013 de Transparencia, acceso á información pública e bo goberno.</p>			
<p>Desenvolver un plan de mellora e aprendizaxe continuo en Servizos Sociais e de Emprego (autonómico e municipal) coa inclusión dun protocolo de avaliación da calidade de atención e enquisas de satisfacción de usuarios.</p>			
<p>Reforzar medidas de loita contra a fenda dixital en persoas e ONG. Considerando como unha necesidade básica o acceso ás novas tecnoloxías e internet das persoas ou familias en situación de vulnerabilidade, así como o fomento da alfabetización e competencias dixitais.</p>			
<p>Asegurar o cumprimento dos tempos establecidos legalmente para a valoración da discapacidade e da dependencia, promovendo a descentralización dos equipos de valoración fóra dos núcleos urbanos e capitais provinciais. Implantar, en colaboración coas entidades do Terceiro Sector Social especializadas, programas formativos dirixidos a estes equipos que aseguren a correcta valoración das persoas e o acceso axeitado a recursos de atención adaptados á súa situación e grao de discapacidade e/ou dependencia.</p>			

<p>Asegurar que as organizacións do Terceiro Sector Social, como calquera outro sector produtivo, reciben o mesmo apoio da Xunta de Galicia para a transición dixital.</p>			
<p>Estudar a implantación da figura de persoa responsable ou xestora de caso para asegurar unha única profesional responsable na administración pública para calquera servizo que precise unha persoa en vulnerabilidade.</p>			
<p>10. Recoñecemento das organizacións do Terceiro Sector da Acción Social.</p>			
<p>Impulsar a Lei do Terceiro sector social de Galicia e Diálogo civil, como instrumento de regulación da súa participación e actuación dentro do Sistema de Servizos sociais, emprego e acceso á vivenda.</p>			
<p>Plan de fortalecemento do Terceiro Sector Social. Do mesmo xeito que calquera outro sector industrial, que facilite e asegure a mellora da calidade, xestión e sostemento das entidades.</p>			
<p>Asegurar e fortalecer os mecanismos de financiamento ás entidades a medio e longo prazo e en base ao cumprimento de obxectivos e con simplificación burocrática. Promovendo ferramentas como o Concerto social en todo tipo de servizos e programas de inclusión social, emprego, vivenda, etc.</p>			
<p>Garantir a axilidade e transparencia no financiamento: convocatorias ou convenios plurianuais, publicación e resolución no primeiro semestre do ano, difusión inmediata dos proxectos subvencionados tras a súa resolución, apoio na procura de espazos que favorezan a prestación de servizos, o traballo en rede, o uso de recursos compartidos e a redución de costes de estrutura, etcétera.</p>			
<p>Actualización sistemática en base a suba do IPC dos conceptos financiáveis das ferramentas de financiamento das entidades do Terceiro Sector (Subvencións, convenios, concertos, etc.).</p>			
<p>Reforzar a participación das entidades do Terceiro Sector no deseño, desenvolvemento e avaliación das políticas en materia de inclusión social.</p>			

<p>Establecer unha única convocatoria de programas integrais a cargo do IRPF para toda a Xunta de Galicia para asegurar impacto, plurianualidade e estabilidade, así como simplificación burocrática e coherencia con convocatorias de subvencións a entidades de iniciativa social.</p>			
<p>Non admitir o lucro na loita contra a pobreza e a exclusión. Recoñecer a experiencia e valores das organizacións non lucrativas de acción social con enfoque de dereitos e arraigo na comunidade, asegurando o seu papel garante do Sistema público de Servizos Sociais e que operen en igualdade de condicións con outros actores económicos.</p>			

15 METAS EAPN GALICIA	PP	BNG	PSdG-PSOE
1. Creación da Consellería de Vivenda.	■	□	□
2. Erradicación da infravivenda e o chabolismo en Galicia no 2030.	□	■	□
3. Triplicar o parque público de vivenda ata chegar ás 11.400 vivendas no 2028 (ás 3.800 que xa hai súmanse 7.600) e ás 22.800 no 2030.	■	■	■
4. Redución do 50% das persoas en situación de senfogarismo no 2028.	■	■	□
5. Implantar a Tarxeta Económica Básica de Emerxencia.	■	■	■
6. Por en marcha a nova Lei de Garantía de Ingresos de Galicia, que substitúa a actual Lei de Inclusión Social.	■	■	■
7. Tramitar e por en marcha a Lei Galega de Infancia.	■	■	□
8. Elaborar e levar a cabo o Plan de Apoio ás Familias Monoparentais.	■	■	■
9. Elaborar un Plan Urxente de Accesibilidade Universal en edificios e vivendas.	□	■	□
10. Transformar as medidas de inclusión sociolaboral, como os Programas Integrados de Emprego e Posta a punto para o Emprego, para asegurar procesos integrais e financiamento estable ás entidades do Terceiro Sector.	■	■	■
11. Garantir 30 minutos como máximo de desprazamento a calquera servizo básico.	■	■	■
12. Cambio de modelo de atención ás persoas maiores, dependentes e con discapacidade, apostando pola súa vida independente e na contorna, a asistencia persoal, axuda no fogar e atención sociosanitaria de proximidade e non pola institucionalización non desexada.	■	■	■
13. Abrir no 2024 centros de crise de atención integral 24 horas contra a violencia sexual nas sete cidades galegas.	■	■	■
14. Elaboración dun plan autonómico de redución burocrática e simplificación de trámites e procedementos en toda a administración.	■	■	■
15. Elaboración da Lei do Terceiro Sector de Galicia e fortalecemento dos mecanismos de financiamento ás entidades promovendo ferramentas como o Concerto Social.	■	■	□